

# PLAN DE BIBLIOTECA IES JOHAN CARBALLEIRA

Elaborado  
no curso  
2025/2026

|                                                       |           |
|-------------------------------------------------------|-----------|
| <b>1. Introducción e xustificación</b>                | <b>2</b>  |
| 1.1. Marco legal e normativo                          | 2         |
| 1.2. Relación co Proxecto Educativo de Centro (PEC)   | 3         |
| 1.3. Vinculación cos plans e programas                | 3         |
| <b>2. Análise do contexto</b>                         | <b>4</b>  |
| 2.1. Características do centro                        | 4         |
| 2.2. Perfil e necesidades do alumnado                 | 5         |
| 2.3. Papel da biblioteca na comunidade educativa      | 6         |
| <b>3. Obxectivos do Plan de Biblioteca</b>            | <b>7</b>  |
| 3.1. Obxectivos xerais                                | 7         |
| 3.2. Obxectivos específicos en cada ámbito            | 9         |
| <b>4. Ámbitos de actuación</b>                        | <b>11</b> |
| 4.1. Organización e xestión da biblioteca             | 11        |
| 4.2. Dinamización                                     | 12        |
| 4.3. Formación de persoas usuarias                    | 13        |
| 4.4. Fomento da lectura                               | 14        |
| 4.5. Desenvolvemento do PLEA                          | 15        |
| 4.6. Biblioteca inclusiva                             | 16        |
| 4.7. Relación con outros proxectos, programas e redes | 16        |
| <b>5. Recursos e medios</b>                           | <b>17</b> |
| 5.1. Recursos humanos                                 | 17        |
| 5.2. Recursos materiais e tecnolóxicos                | 17        |
| 5.3. Orzamento e financiamento                        | 19        |
| <b>6. Actuacións previstas</b>                        | <b>20</b> |
| <b>7. Difusión e comunicación</b>                     | <b>23</b> |
| <b>8. Avaliación e seguimento</b>                     | <b>24</b> |
| <b>9. Conclusións e perspectivas de mellora</b>       | <b>26</b> |

# 1. Introducción e xustificación

## 1.1. Marco legal e normativo

A biblioteca escolar do IES Johan Carballreira constitúe un elemento estratéxico no desenvolvemento do proxecto educativo do centro, configurándose como un espazo de recursos para a lectura, a información e a aprendizaxe ao servizo de toda a comunidade educativa.

De acordo co establecido na Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, así como na Resolución do 1 de setembro de 2025, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, todos os centros docentes deben dispoñer dun Plan de Biblioteca inserido no proxecto educativo e funcional do centro. Este plan concíbese como o instrumento que garante unha xestión sistemática e coordinada da biblioteca escolar, asegurando o seu funcionamento como centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe.

### Referencias lexislativas:

- Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- Resolución do 1 de setembro de 2025, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da organización e o funcionamento das bibliotecas escolares nos centros docentes non universitarios, de titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no curso académico 2025/26.
- Resolución do 4 de xuño da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se convoca o Plan de mellora de bibliotecas escolares (PlaMBE) en centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para o curso 2025/26.

## 1.2. Relación co Proxecto Educativo de Centro

O presente Plan de Biblioteca constitúe unha concreción do Proxecto Educativo de Centro (PEC) e intégrase na súa planificación global, de xeito que contribúe de maneira directa á consecución dos obxectivos xerais do instituto.

O IES Johan Carballreira considera a súa biblioteca escolar coma un elemento esencial do currículo académico, e como tal colócaa nun dos focos do desenvolvemento das habilidades que se precisan para a formación óptima de cidadáns. É por iso que a biblioteca está pensada coma un espazo que contribúa a unha alfabetización múltiple que permita acadar as aprendizaxes necesarias nunha sociedade como a actual. É por iso tamén que se organiza como unha biblioteca aberta a toda a comunidade educativa e accesible ás familias.

A biblioteca, neste contexto, debe consolidarse como núcleo dinamizador da lectura no centro, favorecendo a mellora da comprensión lectora e a creación de hábitos lectores estables no alumnado. Do mesmo xeito, debe potenciar a adquisición da competencia informacional e mediática, fundamental para o desenvolvemento do pensamento crítico e para a formación dunha cidadanía autónoma e responsable.

## 1.3. Vinculación cos plans e programas do centro

Este plan artéllase en coherencia cos seguintes programas e estratexias de referencia:

- O Plan LIA, que orienta cara a unha biblioteca escolar estable, sustentable, innovadora e inclusiva, acorde ás necesidades educativas do século XXI.
- O PlaMBE, no marco do cal o IES Johan Carballreira se incorporou á Rede de Bibliotecas Escolares de Galicia, beneficiándose de formación, recursos e asesoramento específico. O centro adheriuse ao PlaMBE no curso 2008/2009, e vén solicitando a continuidade dende entón sen fallar ningún ano.
- O Plan de Lectura, Escritura e Acceso á Información (PLEA), do que a biblioteca é axente fundamental, garantindo a coordinación das actuacións de fomento da lectura, da escritura e do acceso á información mediante estratexias como a Hora de Ler, as lecturas compartidas ou os clubs de lectura.

Así mesmo, entre os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable da Axenda 2030, que están deseñados para ser un plan para lograr un futuro mellor e máis sustentable para todas e todos, o 4 e mais o 5 alíñanse cunha educación inclusiva, equitativa, de calidade e en igualdade. A biblioteca escolar xoga un papel esencial como centro de recursos, tal e

como queda definida en documentos coma o Marco de Referencia para as Bibliotecas escolares elaborado polo Ministerio de Educación. Deste xeito, o Plan de Biblioteca favorece o acceso equitativo á información, á cultura e ao coñecemento, e promovendo a formación dunha cidadanía crítica, solidaria e participativa.

## 2. Análise do contexto

### 2.1. Características do centro

O IES Johan Carballreira é un centro público situado na vila de Bueu, na comarca de O Morrazo, pertencente á provincia de Pontevedra. Foi inaugurado en 1990 e, dende entón, experimentou varias ampliacións para dar resposta ao incremento da matrícula e á diversificación da súa oferta educativa.

O concello de Bueu, cunha poboación arredor dos 12 000 habitantes, presenta unha economía fortemente vinculada ao sector do mar, complementada con actividade agropecuaria, forestal e un pequeno tecido industrial. O municipio combina tradición mariñeira, cunha importante presenza de pesca artesanal, marisqueo e cultivos mariños, co dinamismo dun parque empresarial en crecemento. Conta tamén cun sector servizos en expansión, xa que dende hai décadas vén acollendo o chamado turismo de praia, vinculado aos meses de bo tempo, e nestes últimos anos o número de visitantes vai en aumento.

O centro atende un alumnado que procede maioritariamente do propio concello de Bueu, e en menor medida doutras localidades próximas como Cangas, Moaña ou Marín. A contorna conta con diversos centros de educación primaria e colexios concertados, o que garante unha ampla rede educativa previa á incorporación ao instituto. A vida cultural de Bueu, con múltiples asociacións, festas populares e eventos gastronómicos e culturais (Corpus Christi, Festa do Polbo e Millo Corvo, entre outros), implica tamén á mocidade, o que reforza o vínculo entre a institución escolar e a comunidade local.

A realidade lingüística da comarca caracterízase pola convivencia do galego e do castelán, con variacións segundo idade, contorno familiar e lugar de residencia. Porén, o dominio do castelán sobre o galego é notorio e cada vez máis marcado. En concreto, na xeración máis nova, á que pertence a gran maioría do alumnado do centro, o uso do castelán é case total: practicamente non hai no centro alumnado que se exprese habitualmente en galego. O centro mantén un compromiso claro coa promoción do uso do galego, tanto na documentación oficial como na vida institucional, en coordinación co

Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística (ENDL). O Equipo de Biblioteca é un dos eixes nos que se encadra este compromiso.

O IES Johan Carballreira imparte ensinanzas de ESO, Educación Secundaria de Adultos, Bacharelato tanto no réxime xeral-ordinario como no réxime de persoas adultas, Formación Profesional Básica e Ciclos Formativos de grao medio e de grao superior. Esta ampla e variada oferta convérteo nun centro de referencia na comarca, tanto pola súa capacidade de atender diferentes perfís de alumnado como pola súa contribución á formación académica, profesional e persoal. Unha amálgama de intereses aos que cómpre dar resposta, procurando atender a todos eles na súa xusta medida, colmando as necesidades de todo o mundo.

## 2.2. Perfil e necesidades do alumnado

O alumnado do IES Johan Carballreira é heteroxéneo, tanto no que atinxe á súa procedencia xeográfica como ás súas motivacións e expectativas formativas. O alumnado que se incorpora en 1.º da ESO procede maioritariamente do único centro de educación primaria que ten adscrito: o CEIP A Pedra, que se atopa fisicamente xusto enfronte. Mais tamén se incorporan estudantes dos outros centros de primaria de Bueu, e incluso hai algúns doutros municipios próximos, o que contribúe a unha maior diversidade sociocultural.

En Bacharelato, o centro tamén recibe o alumnado do IES Illa de Ons e o CPR Virxe da Milagrosa, que son centros de Bueu que non ofertan eses estudos, así como algúns dos concellos limítrofes que se achegan ao IES Johan Carballreira por diversos motivos, moi específicos de cada caso.

No tocante á Formación Profesional Básica, os Ciclos Formativos de grao medio e superior e a Educación para Adultos (ESA e Bacharelato), o alumnado procede de centros de toda a comarca, xa que se trata de estudos que non se ofrecen en ningún outro lugar de O Morrazo. Ademais, na Educación para Adultos hai tamén alumnado que retoma os estudos despois de anos afastado deles, buscando poder ter mellores perspectivas profesionais ou, simplemente, por pura satisfacción persoal.

Esta ampla oferta educativa tradúcese na convivencia de diferentes perfís académicos e vitais, que requiren respostas adaptadas ás súas circunstancias e intereses. Entre as necesidades detectadas destacan:

- O reforzo da comprensión lectora e da competencia comunicativa en todas as áreas, como requisito esencial para o éxito académico.

- O desenvolvemento das competencias informacionais e dixitais, necesarias para acceder, seleccionar e utilizar de forma crítica a información dispoñible en múltiples formatos e soportes.
- A atención á diversidade, incluíndo alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo e estudantes adultos que compatibilizan formación e responsabilidades laborais ou familiares.
- O estímulo da motivación cara á lectura e a aprendizaxe autónoma, especialmente entre a mocidade que presenta desafección polos libros ou dificultades para manter hábitos lectores estables.
- A consolidación dunha educación en valores que promova a igualdade, a inclusión, o respecto pola diversidade lingüística e cultural e a participación activa na comunidade educativa.

Neste contexto, a biblioteca escolar convértese nun recurso fundamental para responder á variedade de intereses, necesidades e estilos de aprendizaxe do alumnado, ofrecendo espazos, servizos e materiais que complementan e enriquecen a actividade docente.

### 2.3. Papel da biblioteca na comunidade educativa

A biblioteca escolar do IES Johan Carballreira constitúe un espazo dinamizador e integrador, estreitamente ligado á vida académica e cultural do centro. O seu papel na comunidade educativa concrétese en varios ámbitos:

- Integración curricular: unha parte significativa do profesorado emprega habitualmente os recursos da biblioteca en tarefas de desenvolvemento curricular, apoiando proxectos competenciais e reforzos educativos. A biblioteca fomenta o traballo sen libro de texto en determinadas materias e promove o uso de recursos dixitais e audiovisuais.
- Dinamización lectora: organízanse clubs de lectura e distintos tipos de actividades que promoven o hábito lector e procuran situar a biblioteca como un dos principais espazos de referencia do centro, tanto no sentido físico coma no de ente dinamizador.
- Extensión cultural: realízanse obradoiros de cómic, poesía, narrativa, expresión oral, radio ou fotografía; ademais de encontros con autores e autoras, recitais, exposicións, presentacións de libros e outras actividades culturais.

- Alfabetización mediática: a biblioteca promove o uso das TIC, fomenta a produción de contidos audiovisuais e colabora, na medida do posible, nos programas que oferta a administración.
- Implicación da comunidade: mantense unha colaboración activa con familias e asociacións locais.

En conxunto, a biblioteca escolar constitúe un eixe vertebrador do proxecto educativo do IES Johan Carballreira, ao tempo que un recurso de cohesión e participación da comunidade educativa.

### 3. Obxectivos do Plan de Biblioteca

#### 3.1. Obxectivos xerais

O Plan de Biblioteca do IES Johan Carballreira formula os seguintes obxectivos xerais, en coherencia co Proxecto Educativo de Centro, co Plan de Lectura, Escritura e Acceso á Información (PLEA) e coas instrucións da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa:

1. Consolidar a biblioteca escolar como centro de referencia para a lectura, a información e a aprendizaxe, en beneficio do alumnado e do conxunto da comunidade educativa.

A biblioteca debe constituírse como un espazo central no funcionamento do centro, tanto no plano físico coma no plano de ente dinamizador, garantindo recursos, servizos e actividades que respondan ás necesidades formativas e culturais.

2. Favorecer a adquisición das competencias clave, en particular a competencia en comunicación lingüística, a competencia dixital e a competencia para aprender a aprender, mediante o uso integrado dos recursos da biblioteca.

O acceso aos fondos e a participación nas actividades da biblioteca contribúen ao desenvolvemento integral do alumnado, ofrecendo experiencias que complementan a docencia ordinaria de aula.

3. Promover o hábito lector e a mellora da comprensión lectora do alumnado, ampliando as súas experiencias lectoras en distintos formatos, soportes e linguas.

A lectura regular e diversa resulta fundamental para o éxito académico, a formación persoal e a integración social.

4. Potenciar a competencia informacional e mediática, formando o alumnado para acceder, seleccionar, avaliar, producir e comunicar información de maneira crítica e responsable.

O uso da información e dos medios dixitais require habilidades específicas que deben traballarse dende a biblioteca como espazo de aprendizaxe transversal.

5. Apoiar o desenvolvemento curricular de todas as áreas e materias, facilitando recursos e servizos que respondan ás necesidades docentes e contribúan á innovación metodolóxica.

A biblioteca ofrece materiais de apoio e promove metodoloxías activas coma o traballo por proxectos ou a investigación guiada.

6. Impulsar a inclusión educativa e a igualdade de oportunidades, mediante a oferta de recursos adaptados, espazos accesibles e actividades que teñan en conta a diversidade do alumnado.

A biblioteca debe garantir o acceso universal á información e á cultura, respondendo á pluralidade de perfís, intereses e capacidades presentes no centro.

7. Fomentar a participación da comunidade educativa, promovendo a implicación do profesorado, do alumnado e das familias nas actividades de dinamización lectora, cultural e informacional.

A biblioteca fortalece o sentido de pertenza ao centro e reforza as relacións entre os distintos sectores da comunidade escolar.

8. Contribuír ao cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable da Axenda 2030, favorecendo o acceso equitativo á cultura, á educación e á información, e formando unha cidadanía crítica, activa e solidaria.

A biblioteca constitúe un espazo privilexiado para traballar os valores de sustentabilidade, igualdade, diversidade e compromiso social.

### 3.2. Obxectivos específicos en cada ámbito

En desenvolvemento dos obxectivos xerais, establécense os seguintes obxectivos específicos, distribuídos segundo os ámbitos de actuación da biblioteca escolar:

#### A. Organización e xestión

- Actualizar e diversificar a colección, asegurando un equilibrio entre ficción e non ficción, así como a presenza de recursos en distintos soportes e linguas. Un fondo actualizado e variado garante que a biblioteca responda ás necesidades formativas, lectoras e culturais do alumnado. Tal e como indica o PlaMBE, segundo as directrices internacionais, unha proporción recomendable sería a de un 60% de materiais de non ficción e un 40% de materiais de ficción, incluídos todos os soportes.
- Mellorar os procedementos técnicos de catalogación, clasificación e préstamo, garantindo a plena utilización do programa Koha-Bescolares. A xestión normalizada permite unha organización eficiente, unha recuperación rápida da información e unha maior rendibilidade dos recursos. Para iso cómpre formar aos membros do equipo de biblioteca no manexo do programa.
- Optimizar o espazo físico da biblioteca, favorecendo a súa funcionalidade como lugar de estudo, consulta, lectura e creación. Un espazo flexible e inclusivo facilita tanto o traballo individual como o colaborativo, potenciando o uso da biblioteca como centro de aprendizaxe.

#### B. Dinamización e promoción dos recursos da biblioteca

- Integrar de maneira sistemática os recursos da biblioteca no desenvolvemento curricular de todas as áreas e materias. A vinculación coa práctica docente asegura que a biblioteca sexa un apoio real ao currículo.
- Promover actividades de dinamización lectora e cultural (clubs de lectura, exposicións, encontros con autores/as, obradoiros, proxectos interdisciplinares). Estas accións fortalecen o hábito lector, amplían horizontes culturais e fomentan a creatividade.
- Asegurar a visibilidade da biblioteca mediante o uso de canles dixitais (blog, web, redes sociais). A difusión garante que os servizos e actividades cheguen á totalidade da comunidade educativa.
- Apoiar proxectos interdisciplinares que se desenvolvan no centro, como parte ou ben dos departamentos didácticos ou ben dos outros programas que oferta a administración e aos que se adhire o centro.

C. Formación de persoas usuarias en competencia informacional e mediática

- Despregar un programa de formación de persoas usuarias dirixido ao alumnado de nova incorporación. Esta formación inicial facilita a integración do alumnado nos servizos e recursos dispoñibles.
- Desenvolver actividades de alfabetización informacional e mediática, fomentando o uso crítico das fontes, a selección da información e a produción de contidos propios. A competencia informacional é clave para a autonomía intelectual e a participación responsable na sociedade dixital.
- Reforzar a capacitación do alumnado no uso de ferramentas dixitais aplicadas á aprendizaxe e á comunicación. O dominio destas ferramentas complementa as competencias académicas e mellora a empregabilidade futura.

D. Fomento da lectura

- Consolidar a práctica da Hora de Ler como hábito sistemático. A lectura diaria contribúe á mellora da comprensión lectora e á creación de rutinas estables.
- Diversificar as propostas lectoras, incorporando lecturas non obrigatorias e prestando especial atención á literatura de non ficción, aos xéneros minoritarios e ás obras de autoras e autores de referencia. A diversidade lectora amplía a visión do mundo e promove a igualdade cultural e de xénero.
- Potenciar o traballo colaborativo en torno á lectura (lecturas compartidas, recitados públicos, recomendacións lectoras). Estas experiencias reforzan a motivación e favorecen a aprendizaxe compartida.
- Coordinar e organizar exposicións temáticas con materiais en distintos soportes, mostrando diferentes posibilidades de exposición da información e de lectura.

E. Desenvolvemento do Plan de Lectura, Escritura e Acceso á Información (PLEA)

- Articular a biblioteca como eixe vertebrador das actuacións previstas no PLEA. A coordinación asegura a coherencia entre as distintas accións relacionadas coa lectura e a escritura.
- Incorporar estratexias de lectura e escritura vinculadas a proxectos competenciais e interdisciplinares. O traballo por proxectos favorece aprendizaxes significativas e contextualizadas.
- Asegurar a coordinación entre departamentos e equipos docentes na planificación de actividades de lectura, escritura e acceso á información. A cooperación entre profesorado garante un impacto máis amplo e sostido.

F. Biblioteca inclusiva e implicación das familias e comunidade educativa

- Ampliar a colección con recursos adaptados e inclusivos, que dean resposta á diversidade do alumnado. A equidade educativa require materiais accesibles para todo tipo de necesidades.
- Promover a participación das familias en actividades de lectura e dinamización cultural. A colaboración familiar reforza a motivación lectora e fortalece os lazos escola-familia.
- Reforzar as colaboracións con entidades locais. Estas sinerxías enriquecen a oferta cultural e consolidan a biblioteca como referente comunitario.

#### G. Avaliación e mellora continua

- Aplicar instrumentos de avaliación que permitan medir o grao de cumprimento dos obxectivos previstos. A avaliación sistemática garante un seguimento obxectivo do plan.
- Recoller datos estatísticos de uso da biblioteca (préstamos, actividades, participación en programas). A análise de datos permite identificar fortalezas e áreas de mellora.
- Elaborar propostas de mellora a partir da memoria anual, garantindo a adaptación progresiva da biblioteca ás novas necesidades educativas. A reflexión sobre a práctica asegura a evolución constante e a adecuación do servizo.

## 4. Ámbitos de actuación

### 4.1. Organización e xestión da biblioteca

A organización e a xestión da biblioteca escolar do IES Johan Carballreira teñen como finalidade garantir un funcionamento estable e eficaz, que a consolide como centro de recursos ao servizo da comunidade educativa. Para acadar este propósito, manterase unha actualización constante da colección, procurando acadar a proporción aconsellada polo PlaMBE entre obras de ficción e non ficción (que no momento de redactar este plan non se alcanza, xa que ten máis peso a parte de ficción), así como a presenza de materiais en distintos soportes e linguas.

A catalogación, clasificación e xestión do préstamo realizaranse mediante o programa Koha-Bescolares, o que permitirá normalizar os procedementos técnicos, facilitar o acceso á información e levar un control idóneo de onde se atopa cada exemplar. Este labor complétase cunha organización física do espazo que, máis alá de concentrar os fondos,

debe favorecer a súa funcionalidade como lugar de estudo, consulta, lectura e creación. A distribución en zonas diferenciadas —para a lectura informal, o uso de xogos de mesa, o traballo individual ou en grupo, a utilización de recursos tecnolóxicos e a produción audiovisual— fai posible un uso versátil e inclusivo da biblioteca.

Cómpre salientar a importancia do mantemento e posta a punto do equipamento informático e audiovisual, co obxectivo de asegurar a súa dispoñibilidade permanente para o alumnado e o profesorado. Isto lógrase grazas á colaboración do equipo TIC do centro.

Do mesmo xeito, a planificación do horario e a atención directa deberán garantir que a biblioteca permaneza aberta o máximo tempo posible, contando coa presenza coordinada da persoa responsable, do equipo de apoio e do alumnado voluntario. Deste xeito, o horario de apertura é durante todos os recreos e nas horas de garda de biblioteca que teñan consignadas no seu horario persoal distintos membros do claustro. No resto da xornada lectiva, o espazo da biblioteca pode ser empregado por calquera docente que acompañe o seu alumnado para facer uso dos recursos existentes.

Porén, o servizo de préstamos e devolucións levarase a cabo, con carácter xeral, exclusivamente nos recreos, por dous motivos: é o único momento no que está garantida a presenza de persoal que atenda o servizo, e non contribúe á presenza incontrolada de alumnado polos corredores durante o tempo que corresponde con sesións de clase.

Finalmente, a difusión da información e dos servizos que ofrece a biblioteca reforzase mediante a sinalización interna en distintos espazos do centro e o uso das canles de difusión en liña da biblioteca, de modo que toda a comunidade educativa coñeza e aproveite as súas posibilidades.

## 4.2. Dinamización

A dinamización da biblioteca escolar e a súa integración no desenvolvemento curricular constitúen un eixe esencial deste plan. A biblioteca debe ser un espazo vivo, no que o alumnado non só acceda a recursos, senón que participe activamente nas actividades que nela se desenvolven. Neste sentido, o centro orientará os seus esforzos a incrementar a participación dos estudantes en iniciativas de lectura, culturais e de alfabetización mediática, de maneira que as actividades non sexan percibidas como complementarias, senón como parte integrante da súa formación.

Unha das prioridades será favorecer o aumento dos préstamos de lecturas non obrigatorias. Para iso, promoveranse accións de recomendación, exposicións temáticas e

campañas de difusión que estimulen o interese persoal pola lectura, converténdoa nun hábito autónomo e sostido. Este obxectivo non se limitará á biblioteca como espazo físico, senón que sairán ao encontro de todo alumnado, atopando no *hall* do centro un espazo de máxima visibilidade, dado que todos os estudantes pasan por alí a diario.

Unha das actuacións que máis promove o uso da biblioteca como espazo é a variedade de xogos de mesa que se pon a libre disposición do alumnado. O seu uso contribúe ao desenvolvemento do pensamento estratéxico, das habilidades sociais e do traballo colaborativo, ao tempo que ofrece un recurso lúdico e inclusivo que favorece a aprendizaxe significativa. É por iso que a biblioteca tamén presta os xogos de mesa para o seu uso durante as horas de garda sobrevidas, nas que o alumnado debe quedar na súa aula ao coidado dun docente de garda, pero non ten outras tarefas para facer.

No apartado 5 concrétnanse as actividades previstas e o tipo de medidas a levar a cabo en relación co proceso de dinamización, que son as que achegarán o obxectivo de que a acción da biblioteca teña a maior coherencia e impacto educativo posibles.

### 4.3. Formación de persoas usuarias

A biblioteca escolar do IES Johan Carballreira constitúe un espazo fundamental para o desenvolvemento das competencias informacionais e mediáticas do alumnado. Non se trata só de proporcionar acceso aos recursos, senón de formar persoas usuarias capaces de localizar, seleccionar, avaliar e utilizar a información de maneira crítica e responsable, tanto en soportes impresos como dixitais. Para tirar o máximo proveito das posibilidades que ofrece a biblioteca, é necesario que a comunidade educativa coñeza o espazo físico, os criterios de clasificación e de ordenación dos fondos.

Cada curso escolar organízase unha sesión de formación inicial dirixida ao alumnado de 1.º da ESO, que estará acompañado pola persoa titora do grupo. Nesta sesión preséntanse os espazos da biblioteca, os criterios de clasificación dos fondos, os servizos dispoñibles e as normas básicas de funcionamento. Tamén se realiza unha sesión similar para o alumnado de 1.º de Bacharelato, xa que todos os cursos unha parte significativa provén doutros centros.

A formación de persoas usuarias non se limita ao inicio da etapa educativa, senón que se reforza ao longo do curso mediante actividades adaptadas a distintos niveis e necesidades. O alumnado adulto, o que se incorpora de forma tardía ao sistema educativo ou aquel con necesidades específicas de apoio, recibe tamén unha atención diferenciada que garante a súa integración plena como persoas usuarias da biblioteca. O profesorado

que imparte clase neses niveis está moi sensibilizado coa importancia da lectura e do resto de actividades que se organizan dende a biblioteca; algúns incluso son membros habituais do equipo de biblioteca.

Así mesmo, promóvese a alfabetización mediática a través de proxectos nos que se fomenta o uso crítico da información dispoñible en internet, o recoñecemento das fontes fiables, o respecto pola propiedade intelectual e a produción de contidos propios, xa sexan escritos, audiovisuais ou dixitais. Programas como Radio na biblio ou a participación en proxectos interdisciplinares facilitan a adquisición de competencias relacionadas coa comunicación e coa creación de materiais multimedia.

A biblioteca, en coordinación cos equipos docentes e cos departamentos didácticos, constitúe deste xeito un eixe vertebrador no desenvolvemento da competencia dixital e informacional do alumnado, favorecendo a súa autonomía e a súa preparación para participar de forma activa e crítica na sociedade do coñecemento.

#### 4.4. Fomento da lectura

O fomento da lectura constitúe unha das finalidades prioritarias da biblioteca escolar, tanto no marco do Plan de Lectura, Escritura e Acceso á Información (PLEA) como na súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave. A lectura concíbese como unha práctica transversal, presente en todas as áreas do currículo e imprescindible para a adquisición de coñecementos, o desenvolvemento da imaxinación e a formación dunha cidadanía crítica.

Neste ámbito, a biblioteca promove a creación e consolidación do hábito lector a través de iniciativas estables como a Hora de Ler, que se mantén nos niveis educativos da ESO e a FP Básica e para a que resulta necesario fortalecer o seguimento e aproveitamento, asegurando que se converta nun tempo real de lectura significativa. Xunto a esta práctica diaria, a biblioteca impulsa outras experiencias de carácter colaborativo, como as lecturas compartidas ou os clubs de lectura.

Unha das tarefas que debe acometer a biblioteca é acoller as lecturas obrigatorias que se traballan nalgunhas materias e coordinar os préstamos para que queden ao alcance de todo o alumnado que o precise.

Pero, co fin de diversificar as propostas lectoras, a biblioteca procura incorporar títulos que vaian máis alá desas lecturas obrigatorias, estimulando o interese por xéneros variados, pola literatura de non ficción, polos clásicos universais e polas obras de autoras e

autores de referencia. O incremento do número de préstamos de lecturas non obrigatorias, considerado unha liña estratéxica de futuro, contribuirá a consolidar a autonomía lectora e a descubrir novos horizontes de interese persoal.

O fomento da lectura complementábase, ademais, con actividades de animación cultural como encontros con escritores e escritoras, obradoiros, recitais poéticos ou exposicións temáticas, que converten a biblioteca nun espazo de celebración da palabra e da cultura escrita.

## 4.5. Desenvolvemento do PLEA

O Plan de Lectura, Escritura e Acceso á Información (PLEA) constitúe un eixe vertebrador das accións educativas do IES Johan Carballera, no que a biblioteca escolar desempeña un papel central como espazo de coordinación e impulso. A súa contribución concrétase na promoción da lectura comprensiva, no fomento da escrita creativa e académica, e no desenvolvemento das competencias informacionais e mediáticas do alumnado.

Neste marco, a biblioteca garante a integración das prácticas lectoras e escritoras en todas as áreas do currículo, favorecendo a transversalidade e a colaboración entre departamentos. A planificación de actividades vinculadas ao PLEA abrangue dende a incorporación da lectura e da escritura en proxectos interdisciplinares ata a promoción de estratexias de investigación guiada, nas que o alumnado debe localizar, seleccionar e utilizar información procedente de diferentes fontes e soportes.

A biblioteca impulsa tamén accións específicas dirixidas a mellorar a comprensión lectora e a capacidade de expresión escrita. Xunto a isto, potencia o uso das tecnoloxías da información e da comunicación como medio para acceder, producir e difundir contidos, asegurando que o alumnado desenvolva unha competencia dixital crítica e responsable.

A coordinación co equipo directivo, cos departamentos didácticos e cos equipos de dinamización garante a coherencia das actuacións e facilita a súa integración na Programación Xeral Anual. Deste xeito, o PLEA convértese nun instrumento compartido, que supera o marco da biblioteca e se estende a toda a vida académica e cultural do centro.

En definitiva, a biblioteca escolar, a través do desenvolvemento do PLEA, contribúe a formar lectores e lectoras competentes, persoas capaces de expresarse con corrección e creatividade, e cidadáns preparados para participar activamente nunha sociedade caracterizada pola diversidade de linguaxes e pola abundancia informativa.

## 4.6. Biblioteca inclusiva

A biblioteca escolar do IES Johan Carballreira configúrase como un espazo inclusivo, accesible e aberto á diversidade do alumnado. A súa organización e o seu fondo documental están orientados a garantir a igualdade de oportunidades, ofrecendo materiais adaptados a diferentes niveis de competencia lectora, recursos específicos para alumnado con necesidades educativas especiais, xogos didácticos e materiais manipulativos que amplían as posibilidades de aprendizaxe. A sinalización interna e a distribución dos espazos favorecen tamén a accesibilidade física e a orientación das persoas usuarias.

No marco desta concepción inclusiva, a biblioteca promove a educación en valores, a igualdade de xénero, o respecto á diversidade cultural e lingüística e a convivencia democrática. Para iso, intégranse nas actividades e exposicións temáticas cuestións como a coeducación, a memoria histórica, a diversidade afectivo-sexual ou a sustentabilidade ambiental, convertendo a biblioteca nun espazo de referencia para a reflexión crítica e a formación integral.

## 4.7. Relación con outros proxectos, programas e redes

A biblioteca escolar do IES Johan Carballreira non se entende como un espazo illado, senón como un elemento integrado na dinámica global do centro e conectado con múltiples programas e iniciativas. O seu funcionamento artículase en coordinación co Plan Lector, Escritura e Acceso á Información (PLEA), co Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares de Galicia (PlaMBE) e co Plan LIA, que marcan as liñas estratéxicas a nivel autonómico.

No ámbito interno, a biblioteca mantén unha relación constante cos diferentes equipos de dinamización e proxectos do centro, como o Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística (ENDL), o Plan Dixital, o Plan Proxecta, os Polos Creativos e o Club de Ciencia. Esta cooperación permite desenvolver actividades interdisciplinares que combinan a lectura, a escritura, a investigación, a creación artística e a produción audiovisual, ofrecendo ao alumnado experiencias de aprendizaxe máis ricas e significativas.

No ámbito externo, a biblioteca valorará a participación en cada un dos programas de promovidos pola Consellería de Educación, buscando sempre reforzar o seu papel como motor de innovación pedagóxica e cultural, favorecendo a creación de sinerxías que amplían o impacto educativo e social das súas actuacións.

## 5. Recursos e medios

### 5.1. Recursos humanos

A biblioteca escolar do IES Johan Carballreira está xestionada por unha persoa responsable, designada pola dirección do centro, que recibirá formación específica en materia de bibliotecas escolares e fomento da lectura.

A esta figura súmase un equipo interdisciplinario de docentes de diferentes especialidades que, cada curso, varía entre cinco e dez membros en función das circunstancias do claustro. Este equipo garante a apertura da biblioteca durante todos os recreos e no maior número posible de sesións lectivas, asumindo a colaboración nas actividades de dinamización, o apoio a proxectos interdisciplinares e a xestión ordinaria dos servizos.

O profesorado integrante do equipo de biblioteca dispón de horas lectivas e complementarias recoñecidas para desempeñar estas funcións, que no seu conxunto supoñen arredor de 10 horas semanais de dedicación, incluíndo as asignadas á persoa responsable. O equipo de biblioteca réunese unha vez ao mes, durante un recreo, para coordinar as actividades que se levan a cabo e tomar as decisións que lle competan.

O centro conta tamén cun grupo de alumnado voluntario, renovado en cada curso académico, de tamaño variable. Este voluntariado colabora nas tarefas de préstamo e devolución durante os recreos e na organización básica dos fondos, e colabora na posta en marcha de actividades de dinamización lectora e cultural. A súa participación constitúe un elemento formativo de gran valor, ao tempo que reforza o sentido de corresponsabilidade e pertenza á biblioteca como espazo común.

En conxunto, a implicación do profesorado e do alumnado garante unha xestión eficaz da biblioteca e contribúe a reforzar o seu papel como recurso fundamental no proxecto educativo do centro.

### 5.2. Recursos materiais e tecnolóxicos

O IES Johan Carballreira dispón dunha biblioteca escolar cunha superficie aproximada de 200 m<sup>2</sup>, concibida como espazo inclusivo e organizada en áreas diversificadas que permiten diferentes usos: zonas para a lectura informal, espazos de lectura e traballo individual ou en grupo, unha zona tecnolóxica con ordenadores con acceso a internet e un espazo de creación audiovisual. A configuración do espazo garante a accesibilidade e facilita tanto o traballo autónomo como as actividades colaborativas.

O equipamento actual inclúe 2 ordenadores de sobremesa, 5 portátiles e 1 impresora, ademais de recursos audiovisuais complementarios para apoio a actividades de aula e de dinamización. O espazo creativo da biblioteca complementábase con material lúdico e manipulativo, tales como xogos de mesa, actividades de habilidade e incluso algúns materiais de carácter científico, que amplían as posibilidades de aprendizaxe máis alá do libro tradicional.

A colección bibliográfica abrangue arredor de máis de 11 000 fondos rexistrados, que cobren todas as áreas de aprendizaxe propias das ensinanzas do centro. Aproximadamente algo máis do 90 % son libros, mentres que o resto corresponden con material audiovisual e xogos. Actualmente existe certo desequilibrio entre ficción ( $\approx 75\%$ ) e fondos informativos ( $\approx 25\%$ ), polo que se considera unha prioridade avanzar cara a unha maior proporcionalidade que se axuste ás recomendacións internacionais. A colección complétase con libros electrónicos accesibles a través dunha plataforma en liña, recursos adaptados para alumnado con necesidades específicas (lecturas graduadas, materiais inclusivos, xogos) e materiais manipulativos de carácter didáctico.

A xestión dos fondos e dos servizos de préstamo realízase a través do programa Koha-Bescolares, o que garante a normalización dos procedementos de catalogación e clasificación, así como a centralización de todos os recursos do centro, incluíndo aqueles que se atopan temporalmente en departamentos ou aulas específicas. Tamén se inclúe a xestión das persoas usuarias que permite o acceso a unha plataforma en liña na que se poden consultar libros electrónicos: E.LBE-2.

Todos os fondos están distribuídos en andeis categorizados por áreas de coñecemento, de acordo co Sistema de Clasificación Decimal Universal (CDU) adaptada ás bibliotecas escolares, e seguindo as recomendacións que achega Asesorías Bibliotecas. Para ordenalos nos andeis, os códigos simplificados anótanse nunha etiqueta que coloca no lombo do libro. Igualmente, todos os volumes contan con outra etiqueta que inclúe un código de barras que, co uso dun lector de códigos, facilita o control e axiliza os préstamos e devolucións.

A biblioteca conta con sinalización interna adaptada e inclusiva, de maneira que se facilita a orientación e circulación de todas as persoas usuarias. O equipamento resulta, así mesmo, adecuado para atender a diversidade do alumnado e garantir a igualdade de acceso á información e á cultura.

En conxunto, estes recursos materiais e tecnolóxicos configuran a biblioteca como un espazo funcional e versátil, preparado para dar resposta ás necesidades de lectura, información, aprendizaxe e creación que require a comunidade educativa do IES Johan Carballreira.

### 5.3. Orzamento e financiamento

A biblioteca escolar do IES Johan Carballreira dispón dunha partida económica específica destinada ao seu mantemento e dinamización, procedente dos orzamentos de funcionamento do centro. Esta partida complétase cos recursos que se reciben a través da participación no (PlaMBE) e noutros programas de innovación educativa.

A adhesión do centro ao PlaMBE supón a asunción de dous compromisos en cuestión orzamentaria:

- Asignar un orzamento anual específico (entre un 5% e un 10% do orzamento ordinario do centro), para o funcionamento e actualización da biblioteca escolar, independente das asignacións ás que puidese dar lugar a participación nas sucesivas convocatorias do PlaMBE.
- Destinar a totalidade do financiamento conseguido ao abeiro desas convocatoria para a actualización e funcionamento da biblioteca escolar do centro.

Estas partidas garanten unha estabilidade económica suficiente para cubrir as necesidades básicas de funcionamento, e o orzamento destínase fundamentalmente á adquisición de fondos bibliográficos, actualización de recursos tecnolóxicos e material de dinamización.

Estes fondos permiten a renovación continua da colección, a compra de materiais adaptados e inclusivos, o mantemento dos equipos informáticos e audiovisuais e a organización de actividades culturais e de dinamización lectora. A planificación do gasto realízase de forma coordinada entre a dirección do centro, a secretaría, a persoa responsable da biblioteca e o equipo de apoio, de maneira que se asegure unha utilización eficiente e coherente cos obxectivos do presente plan.

En conxunto, a dotación económica consolidada e a previsión orzamentaria regular permiten que a biblioteca escolar manteña unha oferta estable de servizos e actividades, á vez que aseguran a súa capacidade de adaptación ás novas demandas educativas e tecnolóxicas.

## 6. Actuacións previstas

As actuacións que se recollen no marco deste Plan de Biblioteca formúlanse como liñas de intervención que permiten concretar os obxectivos establecidos, ofrecendo unha orientación xeral que posteriormente se adaptará en cada curso a través do Plan Anual. Trátase, polo tanto, de iniciativas que marcan unha liña a seguir, de forma que que a biblioteca conte con actuacións estables e consolidadas co paso dos cursos.

Cada actuación recóllese nunha táboa que especifica o obxectivo ao que se vincula, as accións concretas previstas e os indicadores de logro que permitirán avaliar o seu grao de desenvolvemento.

| Actuación                                                                                                      | Accións concretas                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    | Indicadores de logro                                                                                                                                                                                                                                                                                                                |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Promover a lectura entre todo o alumnado, consolidando hábitos estables e autónomos.                           | <ul style="list-style-type: none"><li>- Consolidación da Hora de Ler como práctica sistemática en todos os niveis da ESO e da FP Básica.</li><li>- Mantemento e creación de clubs de lectura dirixidos a diferentes etapas e intereses.</li><li>- Difusión de recomendacións lectoras.</li><li>- Exposicións temáticas periódicas que dean visibilidade a novidades editoriais e fondos destacados.</li></ul>                        | <ul style="list-style-type: none"><li>- Participación regular do alumnado na Hora de Ler.</li><li>- Número de clubs de lectura en funcionamento e persoas participantes.</li><li>- Rexistro de recomendacións lectoras publicadas e difundidas.</li><li>- Incremento do número de préstamos de lecturas non obrigatorias.</li></ul> |
| Dinamizar a biblioteca a través de propostas lúdicas e creativas que reforcen o vínculo do alumnado co espazo. | <ul style="list-style-type: none"><li>- Organización de concursos de creación literaria e artística vinculados a efemérides ou celebracións (exemplo: concurso de epitafios por Samaín).</li><li>- Difusión dos traballos do alumnado mediante exposicións físicas e publicacións no blog e redes sociais.</li><li>- Incorporación destas actividades como parte da programación anual de dinamización cultural do centro.</li></ul> | <ul style="list-style-type: none"><li>- Número de concursos organizados ao longo do curso.</li><li>- Nivel de participación do alumnado en cada convocatoria.</li><li>- Rexistro de difusión en blog, redes sociais e espazos expositivos do centro.</li></ul>                                                                      |

|                                                                                                                                      |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <p>Incorporar o xadrez como recurso educativo e de dinamización cultural.</p>                                                        | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Mantemento dun espazo para a práctica do xadrez na biblioteca.</li> <li>- Organización de torneos internos en horario de recreo.</li> <li>- Colocación no <i>hall</i> do centro, polo menos un día á semana, dos taboleiros de xadrez a disposición de todo o alumnado.</li> <li>- Difusión dos logros e actividades de xadrez a través dos espazos dixitais do centro.</li> </ul>                                                                                                                                                                                         | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Número de torneos realizados.</li> <li>- Nivel de participación do alumnado.</li> <li>- Constancia na colocación das mesas e taboleiros no <i>hall</i>.</li> <li>- Publicacións no blog ou redes sociais relacionadas co xadrez.</li> </ul>                                                                                                 |
| <p>Conmemorar datas significativas do calendario escolar para vincular a lectura e a cultura cos valores democráticos e sociais.</p> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Organización de actividades específicas en torno a efemérides como o 25N, o 8M, o Día das Bibliotecas ou o Día das Letras Galegas.</li> <li>- Elaboración de exposicións bibliográficas e materiais de divulgación relacionados coas temáticas conmemoradas.</li> <li>- Promoción de lecturas e creación de contidos elaborados polo alumnado que reflexionen sobre os valores asociados a cada efeméride.</li> <li>- Difusión das actividades mediante o blog, redes sociais e taboleiros informativos.</li> </ul>                                                        | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Número de datas significativas conmemoradas ao longo do curso.</li> <li>- Participación do alumnado e profesorado nas actividades organizadas.</li> <li>- Rexistro das exposicións e materiais elaborados.</li> <li>- Seguimento da difusión realizada en medios internos e externos.</li> </ul>                                            |
| <p>Promover o coñecemento da biblioteca, divulgar os fondos dispoñibles e formar persoas usuarias autónomas e responsables.</p>      | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Realización de sesións iniciais de formación de persoas usuarias para o alumnado de nova incorporación.</li> <li>- Consolidación do equipo de auxiliares de biblioteca, integrado por alumnado voluntario, que apoia nas tarefas de préstamo e devolución.</li> <li>- Organización de campañas de difusión dos fondos: novidades editoriais, recomendacións temáticas, materiais específicos para proxectos interdisciplinares.</li> <li>- Elaboración de guías e materiais informativos sobre o funcionamento da biblioteca e os recursos dixitais accesibles.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Número de sesións de formación de persoas usuarias realizadas ao inicio do curso.</li> <li>- Rexistro de alumnado participante no equipo de auxiliares.</li> <li>- Incremento na consulta e préstamo de fondos recentemente difundidos.</li> <li>- Nivel de autonomía do alumnado no uso da biblioteca (observación e enquisas).</li> </ul> |

|                                                                                                                                                              |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <p>Consolidar a biblioteca escolar como espazo inclusivo, compensador de desigualdades e garante da igualdade de oportunidades.</p>                          | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Incorporación de materiais adaptados (lecturas graduadas, recursos en lectura fácil, xogos e materiais manipulativos) que dean resposta á diversidade do alumnado.</li> <li>- Mantemento dun espazo accesible, con sinalización inclusiva e mobiliario adaptado ás diferentes necesidades.</li> <li>- Desenvolvemento de actividades específicas que favorezan a participación de todo o alumnado, con especial atención a quen presenta necesidades educativas especiais ou contextos socioeconómicos desfavorables.</li> <li>- Colaboración con programas de inclusión e co Departamento de Orientación para garantir a adecuación dos recursos.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Número e variedade de materiais inclusivos incorporados ao catálogo.</li> <li>- Observación da participación de alumnado con necesidades específicas nas actividades da biblioteca.</li> <li>- Coordinación co Departamento de Orientación.</li> <li>- Avaliación da accesibilidade física e funcional da biblioteca.</li> </ul> |
| <p>Favorecer a participación da biblioteca en actividades interdisciplinares en colaboración cos equipos de dinamización e cos departamentos didácticos.</p> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Integración da biblioteca en proxectos competenciais que impliquen a varios departamentos.</li> <li>- Colaboración co ENDL, Plan Dixital, Polos Creativos, Plan de Convivencia e outros equipos do centro para o deseño e desenvolvemento de actividades conxuntas.</li> <li>- Apoio á elaboración de materiais e recursos didácticos en proxectos interdisciplinares.</li> <li>- Difusión dos resultados destes proxectos a través dos espazos dixitais do centro e mediante exposicións físicas.</li> </ul>                                                                                                                                                 | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Número de proxectos interdisciplinares nos que participa a biblioteca.</li> <li>- Observación da produción de materiais didácticos elaborados de forma colaborativa.</li> <li>- Alcance e visibilidade das actividades difundidas.</li> </ul>                                                                                    |
| <p>Desenvolver no alumnado habilidades de alfabetización mediática e pensamento crítico para o uso responsable da información.</p>                           | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Realización de obradoiros de análise crítica de noticias e detección de desinformación.</li> <li>- Participación en proxectos de creación audiovisual.</li> <li>- Promoción da produción de contidos propios por parte do alumnado.</li> <li>- Difusión das creacións a través do blog, redes sociais e actividades públicas no centro.</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                                                                                                            | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Número de accións realizadas.</li> <li>- Rexistro das producións elaboradas polo alumnado (podcasts, vídeos, textos críticos).</li> <li>- Participación do alumnado nas actividades de alfabetización mediática.</li> <li>- Alcance e visibilidade das creacións difundidas.</li> </ul>                                          |

## 7. Difusión e comunicación

A difusión do presente Plan de Biblioteca será a través da páxina web corporativa do centro, onde figurará no apartado correspondente, conxuntamente co resto de documentos e plans que forman parte do Proxecto Educativo do Centro.

A difusión das actividades, servizos e recursos da biblioteca escolar constitúe un elemento estratéxico para garantir a súa visibilidade e favorecer a participación de toda a comunidade educativa. Neste sentido, a comunicación artículase a través de diferentes canles, tanto internas como externas, que permiten dar a coñecer a oferta da biblioteca e reforzar o seu papel como centro de referencia cultural e informacional do instituto.

A comunicación interna orienta as súas accións a asegurar que o alumnado, o profesorado e o persoal non docente coñezan os servizos e actividades que ofrece a biblioteca. Para iso, mantense unha sinalización accesible e actualizada, que facilita a circulación polo espazo e a identificación das diferentes zonas e coleccións. Ademais, dispoñemos de taboleiros informativos situados en lugares de paso estratéxicos do centro (fundamentalmente: a entrada e os corredores), nos que se anuncian novidades editoriais, recomendacións lectoras, programación de actividades e campañas de dinamización cultural.

A estas ferramentas súmase a comunicación directa do equipo de biblioteca co profesorado, no día a día a nivel máis informal en conversacións que se dan na sala do profesorado, e tamén a través da súa participación en órganos de coordinación docente, o que garante a integración das actuacións na dinámica xeral do centro.

A comunicación externa busca dar visibilidade ao labor da biblioteca máis aló do centro, consolidando a súa imaxe como motor cultural e educativo. Neste sentido, mantense actualizado o blog da biblioteca, así como a páxina web institucional, nos que se recollen novas, convocatorias, concursos, exposicións, clubs de lectura e propostas culturais.

Complementariamente, utilízanse as redes sociais do centro como canle inmediata de difusión e interacción coa comunidade educativa. As redes sociais son o ámbito no que máis se desenvolve o alumnado na actualidade, e iso redunda na necesidade perentoria de estar presentes nelas se a pretensión da biblioteca é a de buscar unha maior visibilidade das actividades que se levan a cabo.

A coordinación co equipo directivo e cos equipos de dinamización asegura que estas accións de difusión formen parte da estratexia global de comunicación do centro, evitando duplicidades e potenciando sinerxías.

En definitiva, a difusión e comunicación constitúen unha liña de traballo permanente que busca dar visibilidade ás actuacións, aumentar a participación do profesorado, do alumnado e das familias e consolidar a imaxe da biblioteca como motor cultural e educativo do IES Johan Carballreira.

## 8. Avaliación e seguimento

O seguimento do presente plan realizarase de maneira continua, ao longo de todo o curso, mediante a observación sistemática de datos relacionados co uso da biblioteca e coa participación da comunidade educativa. Teranse en conta, entre outros aspectos, o número de préstamos efectuados, a asistencia ás actividades programadas, o grao de implicación do alumnado e do profesorado, así como a visibilidade das actuacións a través dos diferentes canles de difusión.

Ese seguimento será coordinado pola persoa responsable da biblioteca, e levarase a cabo especialmente nas reunións do equipo de biblioteca. Ademais, nas reunións da CCP e do claustro realizarase o seguimento correspondente de todas as actividades e proxectos que se desenvolven no centro e que se inclúen na PXA, en concreto de aquelas que involucran á biblioteca.

A avaliación constitúe un elemento esencial para garantir a eficacia do Plan de Biblioteca e para introducir as melloras necesarias ao longo da súa vixencia. Este proceso permitirá comprobar o grao de cumprimento dos obxectivos formulados, valorar o impacto das actuacións desenvolvidas e orientar a toma de decisións de cara ao futuro.

Para acometer a avaliación deste plan empregaranse os seguintes instrumentos:

- Observación directa.
- Enquisas entre a cubrir polo alumnado e polo profesorado.
- Buzón de suxestións.
- Comentarios nas redes sociais.
- Valoracións desenvolvidas nas reunións dos órganos citados no segundo parágrafo deste apartado.

A avaliación anual concretarase na memoria da biblioteca escolar, documento no que se reflectirán os logros acadados e as dificultades detectadas, incorporando tamén propostas de mellora. Esta memoria formará parte da documentación oficial do centro e servirá como referencia para a planificación do curso seguinte. Ademais, a participación do centro no PlaMBE implica tamén a obrigatoriedade de integrar nel esta memoria.

Co fin de asegurar a obxectividade e a comparabilidade dos resultados, empregaranse indicadores previamente establecidos en relación coas actuacións previstas, tal e como se recolle na seguinte táboa.

| Obxectivo                                                                         | Indicadores de logro                                                                                                                                                                                                                                                                                                   | Procedemento de recollida de datos                                                                                                                   |
|-----------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Promover o hábito lector e incrementar os préstamos de lecturas non obrigatorias. | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Número total de préstamos e evolución respecto ao curso anterior.</li> <li>- Porcentaxe de préstamos correspondentes a lecturas non obrigatorias.</li> <li>- Participación en clubs de lectura.</li> <li>- Equilibrio entre os fondos de ficción e de non ficción.</li> </ul> | Rexistro automatizado en Koha-Bescolares.<br>Memorias de clubs de lectura.<br>Informes anuais de actividade.                                         |
| Potenciar a dinamización cultural e a participación do alumnado.                  | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Número de actividades organizadas (concursos, obradoiros, exposicións, encontros).</li> <li>- Nivel de participación do alumnado en cada actividade.</li> <li>- Valoración cualitativa das actividades mediante enquisas ou debates de avaliación.</li> </ul>                 | Rexistro interno de actividades.<br>Listas de participación.<br>Enquisas a alumnado e profesorado.<br>Colaboración con outros proxectos do centro.   |
| Desenvolver a competencia informacional e mediática.                              | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Número de actividades realizadas.</li> <li>- Participación do alumnado en actividades de alfabetización informacional e mediática.</li> <li>- Producción de contidos propios.</li> </ul>                                                                                      | Rexistro interno das actividades.<br>Inventario de producións elaboradas.<br>Enquisas de valoración.<br>Colaboración con outros proxectos do centro. |
| Garantir a inclusión e a igualdade de oportunidades.                              | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Incorporación de materiais adaptados e inclusivos á colección.</li> <li>- Uso efectivo destes materiais por parte do alumnado.</li> <li>- Participación de alumnado con necesidades específicas en actividades da biblioteca.</li> </ul>                                      | Rexistro de adquisicións.<br>Observación do uso de materiais.<br>Coordinación co Departamento de Orientación.                                        |
| Reforzar a proxección externa e a comunicación da biblioteca.                     | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Número de publicacións no blog e redes sociais.</li> <li>- Alcance estimado das</li> </ul>                                                                                                                                                                                    | Estatísticas das plataformas dixitais.<br>Rexistro de colaboracións                                                                                  |

|  |                                                                                               |           |
|--|-----------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|
|  | publicacións (visitas, interaccións).<br>- Colaboracións establecidas con entidades externas. | externas. |
|--|-----------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|

Ademais, establécese un procedemento de modificación do Plan de Biblioteca que permita adaptalo ás necesidades cambiantes do centro e da comunidade educativa. As propostas de modificación poderán ser presentadas pola persoa responsable da biblioteca, polo equipo de apoio, polos departamentos didácticos ou polo equipo directivo.

As modificacións deberán ser analizadas polo equipo de biblioteca e validadas polo claustro, de maneira que se garantan a coherencia co Proxecto Educativo de Centro e a adecuación aos obxectivos establecidos pola normativa vixente. Unha vez aprobadas, incorporaranse á memoria anual da biblioteca e recolleranse no Plan Anual de Biblioteca do curso seguinte, de xeito que a actualización sexa progresiva e acorde coa realidade do centro.

## 9. Conclusións e perspectivas de mellora

O Plan de Biblioteca do IES Johan Carballreira constitúe unha ferramenta estratéxica para orientar a organización, a xestión e a dinamización da biblioteca escolar ao longo dos vindeiros cursos. A súa elaboración responde á vontade de consolidar a biblioteca como un espazo inclusivo, aberto e participativo, ao servizo do alumnado, do profesorado e do conxunto da comunidade educativa.

As liñas de actuación recollidas neste documento pretenden favorecer a lectura como práctica transversal, impulsar a competencia informacional e mediática, apoiar o desenvolvemento curricular, promover a inclusión e fortalecer a proxección cultural do centro. O plan, en consecuencia, sitúa a biblioteca no centro da vida académica e cultural do instituto, recoñecéndoa como motor de innovación e cohesión.

As perspectivas de mellora a curto e medio prazo céntranse en incrementar a participación activa do alumnado nas actividades, aumentar o número de préstamos de lecturas non obrigatorias e reforzar o seguimento e o aproveitamento da “Hora de ler”. Así mesmo, resulta prioritario continuar avanzando na diversificación e actualización da colección, na integración da biblioteca en proxectos interdisciplinares e na consolidación das canles de difusión interna e externa.

Finalmente, cómpre salientar que a eficacia deste plan dependerá da avaliación continua e do compromiso conxunto de todos os sectores da comunidade educativa. A biblioteca escolar, entendida como un proxecto colectivo, debe evolucionar en paralelo ás necesidades do centro e ás transformacións da sociedade, garantindo o acceso equitativo á información, á cultura e ao coñecemento para todo o alumnado.

**A biblioteca escolar do IES Johan Carballera constitúe, así, un lugar de encontro, de coñecemento e de futuro, chamado a acompañar ao alumnado no seu camiño de formación académica e persoal, e a proxectar sobre a comunidade educativa os valores de inclusión, cultura e cidadanía crítica.**